

EXPEDIENTE	2024023458 – CONVOCATORIA BASES 2024071945 – CONVOCATORIA EXPEDIENTES
ASUNTO	PROGRAMA “LE CER EN FAMILIA” 2024
TRÁMITE	ADXUDICACION DE PRAZAS E LISTA DE AGARDA DO PROGRAMA LECER EN FAMILIA 2024

A deputada delegada da área de Benestar Social, no exercicio das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Primeiro. A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas sociais a través da modernización e do reforzo do conxunto dos servizos sociais, promovendo a innovación e un modelo de atención centrado na persoa.

Nesta liña, a Deputación de Pontevedra quere fortalecer o principio básico deste enfoque baseado na familia como estrutura básica da sociedade e como medio natural de desenvolvemento e crecemento da persoa. Por iso, é deber dos poderes públicos recoñecer e amparar a familia en todas as súas manifestacións e formas de organización, dándolles un especial apoio e protección.

Constituída a nova Corporación provincial, no exercicio das súas competencias, promove este novo programa, que recolle o espírito e os obxectivos da devandita lei, e tamén o benestar familiar, na procura de establecer medidas que apoiem e fomenten a unión e a saúde das familias da provincia.



Por outra banda, tamén pretende ser un programa dinamizador da economía da provincia, que impulse a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade ao desestacionalizar a demanda.

Este programa caracterízase por ofrecer unha estancia dunha noite en fins de semana (venres ou sábado), períodos non lectivos ou vésperas de festivos nun hotel da provincia de Pontevedra que, como mínimo, sexa de 3 estrelas: establecementos hoteleiros de tipo balneario, talaso ou spa, e hoteis de zonas urbanas ou rurais, con réxime de media pensión. A entrada nos establecementos será pola tarde e a saída o día seguinte ao mediodía.

Segundo. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 3 de maio de 2024, acordou a aprobación das “BASES REGULADORAS DO PROGRAMA LECER EN FAMILIA 2024”. modificadas posteriormente nas sesións ordinarias de 6 de setembro e 18 de outubro de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 213, de 31 de outubro de 2024.

Terceiro. O programa oferta 2.957 prazas nas seguintes modalidades:

- 2.907 prazas de réxime xeral: a Deputación subvencionará 60 euros do custo total da praza para as persoas maiores de 12 anos e 30 euros para as de 3 a 12 anos (estas incluídas). O prezo das prazas destas e destes menores será o 50 % do prezo da praza de persoa adulta ou maior de 12 anos, mentres que as e os menores de 3 anos irán de balde.
- 50 prazas de réxime especial: a Deputación subvencionará o 100 % do prezo de adxudicación.

Cuarto. O procedemento de concesión das 2.957 prazas (de réxime xeral ou especial) levarase a cabo por sorteo entre as solicitudes definitivamente admitidas que cumpran os requisitos establecidos e ata esgotar o crédito previsto para o programa en cada modalidade. Tendo en conta o anterior, cubrirase inicialmente un máximo de 2.957 prazas e as demais solicitudes que cumpran os requisitos quedarán na lista de agarda.



Quinto. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, que abarcou do 8 de novembro ao 22 de novembro de 2024, con data 9 de decembro de 2024 publicouse na paxina Web da Deputación de Pontevedra a resolución provisional de persoas admitidas e non admitidas xunto coas causas de exclusión. Concedeuse un prazo de 5 días hábiles que as persoas solicitantes puidesen emendar os defectos que motivaron a súa exclusión ou omisión. Dito prazo foi do 10 ao 16 de decembro de 2024.

Sexto. Con data 18 de decembro de 2024 a deputada delegada da área ditou Resolución Presidencial núm. 2024009709 aprobando as relacións definitivas das solicitudes do programa e a data do sorteo. A resolución foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 246 do 19 de decembro de 2024 así coma na páxina Web. De conformidade co establecido na base quinta da convocatoria, envióuselles ás persoas solicitantes unha mensaxe de texto ao número de teléfono móbil para o seu coñecemento e a consulta dos anexos.

Sétimo. O 19 de decembro de 2024 ás 9.05 horas na Sala de Prensa do Pazo Provincial tivo lugar o sorteo para establecer a orde das persoas que foron definitivamente admitidas para participar no programa. O acto contou coa presenza do Secretario da Deputación de Pontevedra para dar fe do mesmo. (CSV Q54UGXJCJ9BSA47H e CSV 7LWUKZXM6ULQE9JP)

Oitavo. Con data 20 de decembro de 2024 a xefa do servizo de Benestar Social emite informe proposta para a fiscalización de prazas do programa e con data 26 de decembro de 2024, o servizo de Intervención emite dilixencia de conformidade coa proposta de adxudicación e lista de agarda (CSV 7LWUKZXM6ULQE9JP)

LEXISLACION APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 39/2025, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



- Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia
- Bases de execución do Orzamento provincial e Orzamento provincial

A vista do exposto, de conformidade co disposto na Resolución Presidencial nº 2024005761, de 10 de xullo de 2024, sobre delegación de atribucións do presidente,
RESOLVO

Primeiro. Aprobar a adxudicación de 2.956 prazas do programa Lecer en Familia 2024.

Segundo. Aprobar a lista de agarda do programa Lecer en Familia 2024.

Figuran asinados no expediente da convocatoria :

- Anexo I. Relación de solicitudes con praza adxudicada CSV : KXGYI0R9CXIE55SY
- Anexo II. Relación de solicitudes en lista de agarda CSV: KLBDRNMC8X9YV6NC

Terceiro. Publicar no BOPPO o anuncio relativo á aprobación da adxudicación de prazas e lista de agarda e publicala na páxina Web da Deputación de Pontevedra; así mesmo, de conformidade co establecido no apartado sétimo das bases reguladoras, enviarase unha mensaxe de texto ao número de teléfono móbil indicado para que as persoas solicitantes consulten os Anexos.

Asinado dixitalmente na marxe

